

Decreto alcaldía

M^a Xosé Alfonso Torres.

Vistas as Bases para a contratación laboral temporal dun profesor de guitarra, un profesor de música tradicional, un profesor de violín, un de canto, un profesor de música moderna e un profesor de batería para a escola de música do Concello de Muros.

Resultando que obra no expediente o Informe conxunto de Secretaría e de Intervención emitido o día 25 de setembro de 2017.

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía núm.471/2015, de 6/07/2015, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Visto que de conformidade co artigo 113 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, é necesario ca máxima brevidade posible proceder a contratación do referido persoal para prestación do servizo e considerando que concorren as circunstancias que permiten a avocación das competencias por parte da Alcaldía, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público,

RESOLVO:

Primeiro .- Avocar polos motivos expostos e para este caso concreto, de acordo co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a atribución de alcaldía sobre contratacións administrativas delegada na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar as seguintes:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PROFESOR DE GUITARRA, UN PROFESOR DE MÚSICA TRADICIONAL, UN PROFESOR DE VIOLÍN, UN DE CANTO, UN PROFESOR DE MÚSICA MODERNA E UN PROFESOR DE BATERÍA PARA A ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE MUROS:

1.- Obxecto da convocatoria.

1.- Ten por obxecto a presente convocatoria a provisión mediante contrato laboral de duración determinada ata o 30 de xuño de 2018 dunha praza de Profesor/a de guitarra a xornada completa, e un/unha de Profesor/a de Música Tradicional, un/unha de Profesor/a de Violín, un/unha Profesor/a de Guitarra eléctrica e baixo e un/ha profesor/a de batería a xornada parcial. Todas estas prazas corresponde ao curso académico 2017/2018 da Escola de Música do Concello de Muros

2.- O cometido funcional do posto de Profesor de Guitarra, consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias “Guitarra española” e “Música e movemento”.

3.- O cometido funcional do posto Profesor de Música Tradicional consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias “Gaita/percusión tradicional”, “Música tradicional” e “Formación musical”.

4.- O cometido funcional do posto Profesor de Violín consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias “Violín” e “Linguaxe musical”.

5.- O cometido funcional do posto Profesor de Canto consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias “Canto”

6.- O cometido funcional do posto Profesor de Música moderna, consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias “Guitarra eléctrica”, “Baixo eléctrico”.

7.- O cometido funcional do posto Profesor de “batería” consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias “batería”.

Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

2.- Sistema de selección.

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 7 destas bases.

Se o xulga oportuno, o tribunal poderá requirir ao aspirante que acadase maior puntuación para a realización dunha proba práctica. Para a valoración desta proba, o tribunal poderá requirir a asistencia dun técnico ou profesional capacitado. De non superarse a proba práctica, o tribunal requirirá ao seguinte aspirante por orde decrecente de puntuación.

Unha mesma persoa pode optar a máis de unha praza.

3. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 de 13 de abril do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos da idade.

- c) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo.
- d) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- e) Estar en posesión do título de Grao Medio de Guitarra ou do Grao en Maxisterio Musical ou títulos superiores ou equivalentes para a praza de profesor de Guitarra.
- f) Estar en posesión do título de Grao Medio de Gaita ou noutro instrumento de vento ou do Grao en Maxisterio Musical ou títulos superiores ou equivalentes para a praza de profesor de música tradicional.
- g) Estar en posesión do título de Grao Medio de Violín ou do Grao en Maxisterio Musical ou títulos superiores ou equivalentes para a praza de profesor de Violín.
- H) Estar en posesión do título de Grado en Maxisterio musical ou título equivalente ou superior para a praza de profesor de canto.
- I) Estar en posesión do título de Grao Medio en Maxisterio Musical ou títulos superiores ou equivalentes, ou experiencia mínima de seis meses como docente como profesor de guitarra eléctrica, baixo e batería para ditas prazas

4. Forma e prazo de presentación de instancias.

4.1 As persoas que desexen formar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Sra. alcaldesa do Concello de Muros que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16,4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao Fax: 981 762 257 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o vindeiro día **5 de outubro de 2017**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases. Os aspirantes poderán presentarse a máis dunha praza.

As bases das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Muros (www.muros.gal).

4.2 A solicitude deberá ir acompañada por copia compulsada de :

- a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Certificado de estudos
- c) Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 7 destas bases. A

experiencia laboral acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

5. Admisión das persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Muros, sinalarase un prazo de dous días hábiles para poder corrixir ou reparar, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de non presentarse reclamacións, a lista provisional publicada terá carácter definitivo.

6. Tribunal cualificador.

6.1 O Tribunal de selección dun/ha monitor/a de encaixe e un/ha monitor/a de bordado estará composto por:

PRESIDENTE: Rosa Monteaguro Rey, suplente, Noelia Louro Louro,

SECRETARIO: Jose Manuel Mayo Priegue, suplente, Francisco Abeijón Nuñez

VOGAL: María Dolores Santos Maneiro; suplente, Inés Tajés Grille

VOGAL: David Pastoriza Fernández, suplente, Fernando Rey Castiñeira

VOGAL: Josefa Fernández Fernández; Pilar Esturao Ponte

6.2 Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público

6.4 O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos/as que legalmente os/as substitúan.

7.-Procedemento selectivo.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e non taboleiro de anuncios do Concello, quedando

decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 20 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O Tribunal publicarán todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros:

A. Fase de oposición:

a) Primeiro exercicio,:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 30 minutos, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,50 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,25 puntos.

As cualificacións das persoas aspirantes publicaranse mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo a persoa candidata dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

b) Segundo exercicio,:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 15 minutos, dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co coñecemento do idioma galego.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 2 puntos. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,2 puntos. As respostas negativas non restan puntuación.

De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 4 ou documento equivalente, aos/ás que se lle outorgará 2

puntos.

B.- Fase de concurso de méritos:

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Esta permitirá acadar ata un máximo de 8 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A experiencia laboral na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo.

No caso de ter traballado en algunha administración pública as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente

a) Experiencia profesional:

Por servizos prestados en postos de traballo de contido semellante ao da praza a que se opta: 0,2 puntos/mes completo ou proporcionalmente a fracción do mes.

A puntuación máxima outorgable polo concepto “**Experiencia profesional**” será de 6 puntos.

b) Formación:

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posta de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 2 puntos.

1. Cursos de máis de 200 horas: 1 punto
2. Cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos.
3. Cursos de 50 a 100 horas: 0,50 puntos.
4. Cursos de 15 a 49 horas: 0,25 puntos.

No caso de existir empate na puntuación final das persoas aspirantes, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio de oposición , segundo a orde establecida nestas bases. Se continúa o empate, optarase polo maior tempo sen traballar do aspirante que se acreditara coa vida laboral. O

tribunal sinalará os candidatos que deben presentar o informe de vida laboral.

8.- Resolución.

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: www.muros.es, propoñendo ás persoas preseleccionadas, establecendo un prazo de dous días naturais dende e a publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren estas reunirse novamente o Tribunal para resolvelas.

Co resto de persoas candidatas formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias, outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento polo/a traballador/a que a realiza. Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao final da lista, agás que este rexeite sexa por ter un contrato en vigor ou estar de baixa médica, en tal caso deberá acreditalo por escrito e manterase no posto da lista ata o remate da baixa ou contrato.

9º. Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

10. Normativa aplicable.

O proceso selectivo rexeráse polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

11. Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contaránse desde o día seguinte á publicación da resolución.

Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I.

TEMARIO COMÚN

Tema 1. As tonalidades Musicais.

Tema 2. Os intervalos (clasificación e invertir).

Tema 3. As escalas Diatónicas.

Tema 4. Os acordes, clases e características.

Tema 5. As enarmonías, clases

Tema 6. Tipos dos instrumentos, características e partes dos mesmos, relativos a modalidade da praza á que se opte (no caso de profesor de batería, serían as características de batería tipo rock). “

Terceiro.- Ordear a publicación das bases no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Muros (www.muros.gal).

Cuarto.- Notificar ao Departamento de Cultura e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Asinado dixitalmente ao marxe.